



**Memoria xustificativa dun convenio de cooperación entre a Xunta de Galicia-
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o
Concello de Valga para a execución do proxecto denominado *Brigada ambiental***

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ten previsto asinar co Concello de Valga un convenio de colaboración para a execución do proxecto denominado *Brigada ambiental*.

Os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que os municipios deberán prestar á cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, entre as que se atopan a protección do ambiente.

Por outra banda, o artigo 25 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, establece que as actuacións ás que se destinará a parte do fondo que non estiver destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión, terán que estar dirixidas á protección do ambiente, incluídas aquelas que teñan por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou risco.

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Valga o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2018.

4. Obxecto do convenio

O convenio ten por obxecto fixar as liñas de cooperación entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Valga para a execución do proxecto denominado *Brigada ambiental*.

5. Fundamentos do convenio

O concello de Valga expuxo a necesidade de obter asistencia extraordinaria para o mantemento dunha brigada ambiental, integrada no servizo que ten asignadas as funcións de protección do ambiente e do espazo natural, que ten como finalidade a reparación de infraestruturas viarias que estiveron cortadas e severamente danadas, así como a limpeza de tapóns e acumulación de material, entre outros, provocados polo paso dos caudais extraordinarios, así como a reposición de subministracións básicas, como luz, auga ou saneamento.





O concello manifesta que o pasado inverno viuse afectado por fortes precipitacións, case torrenciais, que provocaron desbordamentos de ríos e regatos, orixinando grandes torrente de auga que, baixando polas abas dos montes, asolagaron as beirarrúas causando socavóns, levantamento de firmes e saturación dos sistemas de drenaxe nos camiños, caída de varandas de protección, desprendementos de noiros de terras, caída de árbores e esboroamento de valados de contención. Tamén se produciron danos nas cubertas dos edificios, levantamento de tellas e roturas de canles e baixantes de recollida de augas.

Todas estas circunstancias imprevistas provocaron danos importantes na estrutura viaria da rede de camiños locais e crearon situacións de risco para a seguridade das persoas. Xa que logo, o concello traslada a necesidade inminente e extraordinaria de realizar as tarefas de mantemento e reparación en viais, zonas de lecer, instalacións deportivas e edificios municipais. Esta situación de alto risco para a veciñanza vese agravada pola proximidade do inicio do curso escolar, que conleva unha necesaria e inminente continuación das reparacións necesarias para salvagarda da seguridade da poboación e do alumnado, tanto nos recintos escolares como nas zonas deportivas, recreativas e de lecer existentes e danadas, así como nos viais de intercomunicación entre lugares de poboación.

O Concello de Valga non pode manter esta situación de deterioro sen tomar medidas urxentes e derivadas da perigosidade que supón para a veciñanza e que están encamiñadas ao mantemento das instalacións e a súa protección e reposición.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa o fomento de todas aquelas actuacións que permitan potenciar e apoiar a prestación de servizos de calidade por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima á cidadanía e se corresponde con actuacións financiadas de conformidade cos criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental.

Este contexto local insírese nun marco orzamentario necesariamente estable que afectou todas as administracións públicas, sen que a administración local sexa unha excepción neste sentido. Deste marco deriva, entre outras consecuencias, as dificultades do Concello de Valga para afrontar en solitario o compromiso económico derivado da contratación dunha brigada ambiental, que constitúe o obxecto desta subvención.

A conxuntura descrita e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na eliminación das carencias no servizo municipal sobre o que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Valga.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a cantidade máxima de TRINTA E CINCO MIL EUROS (35.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.461.0 (CP 2015 00168) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto nos artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A directora xeral de Administración Local

Marta Fernández-Tapias Núñez

Documento asinado dixitalmente á marxe

